



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

CURSO 2021-2022

Resumo do réxime de exames e criterios de cualificación

En primeiro lugar, aclarar que a superación dunha avaliación non supón a superación das anteriores e, en particular, a nota final definitiva pode ser inferior á nota da definitiva terceira avaliación.

Exames:

Durante o curso regular faranse, **tantos exames como bloques temáticos** defina o profesor na súa planificación da materia, que deben ser **seis, como mínimo** (dous por avaliación).

Posto que a avaliación é continua, queda ao criterio do profesor facer **cantas probas, orais ou escritas curtas**, considere oportunas para coñecer o máis obxectivamente posible o aproveitamento de cada alumno.

Se un alumno ou alumna **non se presenta** a unha proba á que está **obrigado/a**, entón adjudicáraselle unha **cualificación nula**, salvo no suposto de presentar unha xustificación médica ou de deber inescusable, en cuxo caso o profesor ou profesora faralle unha proba extraordinaria, noutra data acordada entre ambos.

1ª nota da avaliación (Probas Escritas, PE): (80 %)


Das cualificacións dos bloques temáticos que entren en cada avaliación obterase unha primeira nota, **PE**, facendo unha media ponderada entre elas. Con esa finalidade, o profesorado debe ter establecido na planificación da materia correspondente os bloques temáticos que entran en cada avaliación e as súas ponderacións. No suposto de que non o faga, enténdese que todos ponderan o mesmo (media aritmética).

2ª nota da avaliación (Nota de seguimento, NS): (20 %)

O profesor emitirá unha segunda cualificación por avaliación, **NS**, reflectindo outras valoracións practicadas durante o seguimento diario e rexistradas na ficha do alumno, tal e como se contempla na fase de avaliación formativa: tarefas propostas, preguntas directas, saídas ao encerado, actitude e participación na clase, caderno de traballo...

Cada profesor/a concretará na súa planificación da materia os instrumentos que utilizará e as súas ponderacións para obter esta nota de seguimento diario. A modo de proposta e como valores por defecto, establécense os seguintes:

Instrumento	Abreviatura	Ponderación
Observación directa da súa actitude cara a materia, valorando a motivación para adquirir hábitos de estudo e estratexias de traballo, que potencien o seu interese pola materia.	OD	20% do 20% (4 %)
Probas orais frecuentes, consistentes en preguntas teóricas curtas ou resolución de exercicios e problemas no encerado, que teñen unha dobre finalidade: por unha banda, valorar o grao de asimilación dos conceptos que se van desenvolvendo; e, por outra, avaliar o traballo realizado polo alumnado na materia cando está fóra do horario escolar.	PO	40% do 20 % (8%)
Exame do seu caderno de traballo para poder valorar, por unha parte, a súa limpeza, coidado, estrutura e organización; por outra, verificar se están recollidos os apuntamentos e corrixidas as tarefas feitas en clase; e por último, comprobar se están resoltas as tarefas propostas para casa e non feitas en clase.	CAD	40% do 20 % (8%)



IES LAMAS DE CASTELO

Nota definitiva da avaliación:

O nivel acadado no aproveitamento dos contidos, consecución de estándares de aprendizaxe e adquisición de competencias clave concretarase cunha nota definitiva da avaliación que será a **media ponderada entre as dúas cualificacións anteriores**, coas seguintes ponderacións:

- A **primeira (PE) o 80%** e, consecuentemente, a **segunda (NS), un 20%**.

Os cálculos de todas as medias referidas nestes criterios faranse cunha **aproximación de dúas cifras decimais**. A nota que constará en calquera acta oficial (e polo tanto, no boletín de cualificacións) será o **redondeo á alza** ou á **baixa** de dita **nota media**, cun mínimo de 1, e farase observando os seguintes puntos: realización constante das tarefas e entrega de traballos no prazo indicado polo profesor, resultados acadados en probas orais efectuadas polo profesor, esforzo e interese, atención ás explicacións do profesor, participación na clase e asistencia e puntualidade.

Nota definitiva ordinaria (xuño):

A nota definitiva de xuño será a **media aritmética das notas con dúas cifras decimais de cada unha das tres avaliacións**, aplicando a **aproximación** enteira por **redondeo** da correspondente media aritmética, **excepto** en **dous casos**:

- **Algunha** das **notas** definitivas das avaliacións sexa **inferior a 3**.
- **Dúas** das tres **avaliacións** estean **suspensas** (dúas notas definitivas menores que 5)

Nestes supostos, a nota definitiva de xuño será a **menor** entre a referida **media aritmética** e un **4**.

Tendo en conta o anteriormente mencionado, considerárase **superada** a disciplina cando a nota final **definitiva** da ordinaria de **xuño** sexa **igual** ou **superior** a **5**.


Probas de recuperación e/ou para subir nota:

Recuperación ou subir nota nun exame: (ó criterio do profesor segundo as **circunstancias**) Ao longo do curso o profesor **podrá realizar as probas de recuperación de exames** (sempre que a nota do exame sexa inferior a 5) e/ou para **subir nota** que xulgue **oportunas**. As novas notas dos exames determinaranse da seguinte maneira:

- Se a nota da recuperación do exame é **inferior a 5**, a nova cualificación do exame será o resultado da **maior nota** entre a **recuperación** e a do **exame**.
- Se a nota da recuperación é igual ou superior a 5, a nota definitiva **do exame será a media ponderada entre a nova nota obtida na recuperación e a nota negativa anterior, ponderando a primeira delas o dobre ca segunda**.
- No caso de que a nota da **recuperación** sexa **positiva** (maior ou igual que 5) e a **media** calculada saia **negativa** (menor que 5), **quedaría un 5** como nota definitiva do exame.

Recuperación da 1º e 2º avaliación: Ao **comezo** da **segunda** e da **terceira avaliación**, o alumnado terá a posibilidade de **recuperar a avaliación anterior**, que versará sobre os bloques temáticos tratados nesa avaliación, na que será preciso obter unha nota non inferior a 5 puntos. As cualificacións definitivas das dúas primeiras avaliacións estableceranse do seguinte xeito:

- Se a nota da recuperación da avaliación é **inferior a 5**, a **nova cualificación** da avaliación será o resultado da **maior nota, truncada**, entre esa **recuperación** e a nota definitiva da **avaliación**.
- Se a nota da recuperación é igual ou superior a 5, a nota definitiva **da avaliación será a media ponderada entre a nova nota obtida na recuperación e a nota negativa anterior, ponderando a primeira delas o dobre ca segunda**.
- No caso de que a nota da **recuperación** sexa **positiva** (maior ou igual que 5) e a media calculada saia **negativa** (menor que 5), **quedaría un 5** como nota definitiva da avaliación.



IES LAMAS DE CASTELO

Recuperación final: No mes de maio ou xuño, unha vez feitas as correspondentes recuperacións e establecidas as **calificacións definitivas** das **dúas primeiras avaliacións**, e despois de valorar os instrumentos de avaliación correspondentes á **terceira avaliación**, o alumnado que non acade o aprobado na materia terá outra posibilidade de acadalo do seguinte xeito:

- O alumnado que teña unha **única avaliación non superada** terá unha nova oportunidade de **recuperala** mediante **unha proba escrita** versada nos bloques temáticos tratados en dita avaliación, actuando do seguinte xeito:
 - Se a nota da **recuperación** é **maior** ca da **avaliación non superada**, a nova **calificación definitiva** da avaliación será o resultado da **aproximación** enteira por **redondeo** da correspondente cualificación.
 - **De outra maneira, conservaría a cualificación** definitiva que **xa tiña** na devandita avaliación.
- O alumnado que teña **dúas ou as tres avaliacións non superadas** terá a oportunidade de superar a materia mediante unha **proba escrita global**, que versará sobre os bloques temáticos tratados no curso, actuando do seguinte xeito:
 - Para **superar a materia**, será necesario obter unha **nota maior o igual a 5** puntos, aplicando **aproximación** enteira por **redondeo** da correspondente cualificación, e quedando esta como **cualificación definitiva** da **avaliación final** ordinaria de xuño.
 - Se a nota fora **menor** que **5 puntos**, aplicando **aproximación** enteira por **redondeo** da correspondente cualificación, a **cualificación definitiva** na **avaliación final** ordinaria de xuño sería a **maior** entre **esta nota** e a **nota anterior** xa calculada da cualificación definitiva na avaliación final ordinaria de xuño.

Nota definitiva extraordinaria (xuño):

Se a nota **definitiva ordinaria** resulta **negativa** (inferior a 5) o alumno ou alumna deberá presentarse aos **exames extraordinarios** de **xuño**, que serán elaborados en base aos estándares de aprendizaxe mínimos.

Dado o seu carácter extraordinario, **non** será emitida ningunha **nota** de **seguimento**, considerando como **nota definitiva** á **cualificación** obtida neste **exame extraordinario**. Para acadar unha **avaliación positiva** convocatoria **extraordinaria** de **xuño**, será necesario obter no exame unha nota **igual** ou **superior** a **5**.

No suposto de que o alumno ou alumna **non** se **presentara** ao **exame extraordinario**, na nota definitiva extraordinaria **faríase constar** “NP”.